

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

2004

**Xoaquín
Lorenzo
"Xocas"**



Un encontro no luscofusco:



Hai quen dixo ter visto ó tardo; hai quen xura que foi vítima das súas trapalladas e maldades menores. Xocas víuno. Ou se cadra, non. Só en soños. Como ós mouros e ás xanas, a trabe de ouro e a de alquitrán. Sempre no luscofusco, escoitando as melodías do carro

Xulio Valcárcel

A luz da tarde fora esmorecendo sen decatarse e chegara a noite. Don Xoaquín ergueu a vista dos papeis que o tiveran atafegado, sacou os lentes e deluvou os ollos que lle proían.

Cando os volveu abrir, sorprendido, alí o viu. Pequeniño, a penas lle chegaría aos xeonllos, traxeado de raída pana negra, tiraba dunha cabicha que non se gastaba. Botou unha sonora bafarada de fume para facerse máis notar e mirou re-narte, como quen estudia a reacción do visitado.

Don Xoaquín estaba cansado, volveu refregar os ollos sen dar creto ao que estaba ocorrendo, como se fosen fantasías súas, pero non había dúbida: era o tardo, co seu típico andar a chimpanzudos e nervosos, un bulebulle que non paraba, e o seu consabido gorriño vermello cunha borla negra no curuto, aínda que ben mirado máis semellaba un gorro dos que usan os mariñeiros.

Na parte dianteira levaba un le-

■ "Don Xaquin volveu a refregar os ollos sen dar creto ao que estaba ocorrendo, como se fosen fantasías súas"

treiro que ponía "chicago bulls". Sería para despistar. Demo de tardo, cando Deus criou os anxos, serafíns, benxamíns, querubís e demais criaturas celestiais, díxolles "hala, imos todos pra dentro", e en canto pasaron, San Pedro, que tiña moita fame e tardáballe por ce-ar os ovos fritos con patacas que estaba a cociñar, trancou as portas do Ceo, con tan mala fortuna que un anxiño algo máis pousón cós demais ficou fora.

Era o tardo, que así lle quedou o nome, por chegar tarde e ficar condenado a deambular pola terra, entre os homes, iso si, sempre con pouca luz, porque o tardo é un demiño cabrón e trapalleiro que se divirte facendo falcatuadas e bromas, máis ou menos pesadas, sempre de noite, pero malo, como dicir malo, non é.

O que sí, coma tódolos pequenos, ténn bastante malas pulgas e enrabéchase por calqueira cousa que o contraríe. Medo non hai que terlle porque á súa falta de maldade únese unha intelixencia curta polo que é doado librarse del usando certos trucos.

Don Xoaquín Lorenzo tiña investigado sobre o tardo; anda moi vasto por terras de Lobeira, pero tamén noutros lugares da Galiza coñecido como trasno ou como pantasma. Pero nunca o vira, sabía que era un diaño burlón pero só o coñecía por referencias.

Á vista do tardo, que agora andaba a fuchicar curioseando nunha gaveta do armario, sacando papeis

e facendo que os lía para despóis cisca-los polo chan entre grandes gargalladas, Xoaquín armouse de paciencia. Sabía que o tardo é covarde e lisca rápido en canto venta o perigo pero con él, home inofensivo e bondadoso, esa circunstancia non se daba, e o tardo aproveitábase da súa tolerancia.

Doutra banda, don Xoaquín era conscente do privilexio daquela inesperada visita, o tardo era unha creatura marabillosa, moitas eran as persoas que falaban del, pero contadas as que tiveran ocasión de velo.

Así que decidiu condescender

cos trasnadas que lle facía aquel enano burleiro e mentres o observaba, comezou a lembrar algunhas historias que nas súas pesquisas lle tiñan contado.

■ "O tardo era unha creatura marabillosa, moitas persoas falaban del, pero contadas tiveron ocasión de velo"



Xocas, na pedra alta de Cortegada, na Limia. O etnógrafo antendeu o mundo megalítico tanto no aspecto do folclore e tradición coma nas súas vertentes históricas ou arqueolóxicas

“Unha trasnada do tardo”

Nunha ocasión, un mozo regresaba á súa casa despois de pasar a tarde e parte da noite cumprimentando de amores a unha rapaza, que vivía nunha aldea situada a bastante distancia da súa. Fíxose-lle moi longo o camiño, o sono cáíalle pesado polas pálpebras e caro lle custaba andar.

Era como se tivese chumbo nos zapatos. Canto daría por meterse no leito fresco e cálido, estarri-carse ben e adormecer pracida-mente; sen embargo a canseira levábao a andar descarriado polo monte, no medio dunha mesta escuridade que lle obrigaba a camiñar pouco menos que ás atoutiñadas.

De cando en vez prendía algún misto para alumarse ata chamuscar os dedos. Co resplandor da luz

disminuído e tamén diminuíu a velocidade do que lle viña detrás.

Parouse de novo, concentrouse para captar calquera ruído que se producise e volveu notar a certa distancia un pasos que, xa avisados da súa estratexia de pararse e volver a andar, logo ficaram quedos. Non había dúbida, alguen o perseguía, sabe Deus con que intencións. Podía ser un namorado burlado, un viciño ciumento, un ladrón... No que non pensou foi no tardo.

Botou man á navalla de Albacete, de tres estalos, que levaba no peto. Olvidando o sono e a canseira quixo atallar cruzando por un souto, cando de sócato, como unha cousa estraña máis naquela noite estraña, se atopou de fronte cunha cabalería que estaba atada do ramal a un caxigo e ramoneaba distraída nunhas herbas e nuns to-xos frescos.

Vela, desatala, subir dun brinco á cabalgadura e poñerse a todo gallope en dirección á casa foi todo ún. As alancadas da montura eran longas, rápidas, continuadas, as chispas saltaban cada vez que as ferraduras batían coas penedas. Considerábase moi afortunado de ter atopado aquela besta que lle permitiría poñer terra por medio co seu enigmático perseguidor e chegar á casa en arte do demo.

E arte do demo foi, si, que gallopou e gallopou durante moito tempo. Sempre polo camiño de-reito, deixou o monte, entrou en valgadas, retomou outeiros e fragas, pero a casa non aparecía, nin siquiera lugares que poidese recoñecer como próximos.

Despois seguiron ao trote, o máis rápido que se podía, ata que o cabalo cansou, e como se tivese intelixencia de cristiano zapateou ao chan ao xinete, e desapareceu.



Xocas foi unha persoa fondamente humilde, reservada, agradecida e emotiva. Vicente Risco recoñecía que era amigo de todos, discutidor de todo, organizador de todo

“Camiñaba abstraído nos seus pensamentos cando sentíu como uns pasos que o seguían”

no medio da escuridade mesmo semellaba un alma en pena.

Camiñaba abstraído nos seus pensamentos cando de pronto sentiu como uns pasos que o seguían. Parouse de golpe, asalou espreatante, afinou o ouvido e pareceulle escoitar aínda a pegada dun paso ou dous antes de que o perseguidor, sorprendido da súa inesperada inmovilidade, se parase. Estaba seguro de ter percibido con nitidez os pasos de alguén que ía tras el.

Probou a apurar o paso e na mesma medida se acelerou o ritmo do perseguidor, probou agora a

Cando Bieito Codesal se incorporou medio alelado polo golpe, non había rastro do cabalo, como se o tragase a terra. Era como un mal soño, e peor foi, un verdadeiro pesadelo, comprobar que toda a longa carreira que fixera de nada valera porque se atopaba, meu Deus, no mesmo souto no que tomara a cabalgadura como préstamo de uso particular.

Tivo que armarse de paciencia e tirar millas para a casa no coche de San Fernando. Andivo o resto da noite e a mañá toda do día seguinte e non chegou á casa ata o mediodía; cando chegou, a súa familia, que xa empezaba a estar

preocupada pola tardanza, levou alegría de velo.

A súa nai, comprensiva, como son as nais, púxoche diante dos fuciños unha boa cunca, fumegante e recedente, de caldo de verzas. “Ai, lampantín” —díxolle— “que vés coma un cirineo desgredado, que te trae a mal traer esa lurpia! Veña, xanta e vaite deitar unha miga!”

Porque a nai non sabía que fora cousa do tardo, fora o tardo que o embromara. Don Xoaquín recadou outra vez os lentes de grosos cristais, para seguir ouservando o tardo. Pero en canto puxo os lentes e mirou, xa non estaba. Desaparecera.

Día das letras galegas

XIADA
LIBRERÍA

Avda. de Finisterre, 76-78 Telf.: 981 276 950
15004 A CORUÑA

Librería
Salesiana
Librería general



Especialidad en:
Temas Religiosos, Valores, Tiempo Libre,
Auto-ayuda, Libro Infantil y Juvenil
Reserva de Textos Escolares
Tel. 981 227 603



*“Un pan, un libro;
un pan de palabras”*

Gran Vía, 79 • Telf. 981 70 00 10
15100 CARBALLO (A Coruña)